

ANEXO 8: PLAN SECTORIAL DE ALBERGUE



Índice

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	OBXECTIVOS DO PLAN	3
2.1.	OBXECTO	3
2.2.	OBXECTIVOS XERAIS.....	3
2.3.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	3
3.	ORGANISMO COORDINADOR E ORGANISMOS IMPLICADOS	4
4.	ORGANIZACIÓN XERÁRQUICA	4
4.1.	DIRECTOR DO PLAN	4
4.2.	COORDINADOR XERAIS DO PLAN	4
4.3.	DIRECTORES TERRITORIAIS DO PLAN	4
4.4.	COORDINADORES TERRITORIAIS DO PLAN	4
5.	ORGANIZACIÓN FUNCIONAL	5
5.1.	CENTRO DE COORDINACIÓN	5
5.1.1.	Localización	5
5.1.2.	Composición.....	5
5.2.	FUNCIONAMENTO INTERNO	5
5.2.1.	Funcións dos responsables do Plan.....	5
5.2.2.	Funcións dos Centros de Coordinación	6
5.2.3.	Conexión cas Centrais de Atención de Emerxencia	6
5.2.4.	Grupos de Acción	6
5.3.	ACTIVACIÓN.....	6
6.	OPERATIVIDADE	7
6.1.	PREEMERXENCIA	7
6.2.	EMERXENCIA SITUACIÓN 0-1	7
6.3.	EMERXENCIA SITUACIÓN 2.....	7
6.4.	FIN DA EMERXENCIA	8
7.	IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DO PLAN	8
7.1.	IMPLANTACIÓN.....	8
7.1.1.	Verificación da infraestrutura do Plan	8
7.1.2.	Difusión-formación ao persoal dos servizos implicados	8
7.2.	MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DEL PLAN SECTORIAL	9
7.2.1.	Actualización-revisión	9
7.2.2.	Formación permanente.....	9
8.	LISTADO DE ALBERGUES OU POSIBLES ZONAS DE ALBERGUE	9



8.1.	ZONA ARIEM DE CASTELA E LEÓN.....	9
8.2.	ZONA ARIEM DE GALICIA.....	9
8.3.	ZONA ARIEM DE PORTUGAL.....	10



1. INTRODUCCIÓN

O PTET ten carácter de instrumento técnico que comprenderá un conxunto de procedementos de actuación que constituirán o sistema e dispositivo de resposta fronte a calquera situación de emerxencia que se produza no ámbito territorial ARIEM, co fin de:

- Definir as bases e os criterios da planificación.
- Establecer as directrices para a planificación territorial na xestión de emerxencias na zona ARIEM.
- Proporcionar os mecanismos e sistemas para a integración e articulación dos plans da zona ARIEM.
- Definir a estrutura operativa de resposta para facer fronte a calquera emerxencia que poida producirse na zona ARIEM.
- Determinar o programa de implantación, mantemento e actualización do PTET.

Con obxecto de abordar a intervención fronte a situacións de emerxencia que poden ter un alcance e nivel de danos moi dispar, téñense en conta o plan sectorial como unha figura de planificación de carácter operativo que concretan os obxectivos, directrices e actuacións para determinados ámbitos sectoriais concretos.

2. OBXECTIVOS DO PLAN

2.1. Obxecto

Este plan ten por obxecto asegurar a dirección e actuación coordinada de todos os recursos e albergue e asistencia en situacións de emerxencia na zona ARIEM.

2.2. Obxectivos xerais

A modo xeral os obxectivos son:

- Coñecemento dos centros de albergue e dos recursos existentes en Servizos Sociais.
- Coñecemento dos recursos humanos e materiais para a alerta e mobilización en situacións de emerxencia.
- Coordinación coas Institucións tanto públicas como privadas que interveñen no Plan.
- Formación dos profesionais que interveñen no Plan Sectorial.
- Difusión do Plan Sectorial entre os distintos Organismos e Institucións que interveñen no devandito plan.

2.3. Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Dispoñer de centros de albergue para o traslado da poboación en situacións de emerxencia.
- Información á poboación afectada en materia de albergue e asistencia.
- Distribución de víveres e materiais nos centros de albergue.



- Dispoñer de rexistro e seguimento dos afectados.
- Elaboración dun “Plan de Axuda” a partir dun estudo das necesidades no ámbito de Servizos Sociais.

3. ORGANISMO COORDINADOR E ORGANISMOS IMPLICADOS

Os Organismos coordinadores do Plan en función do ámbito territorial correspondente serán:

- En Castela e León, a Consellería de Familia e Igualdade de Oportunidades.
- En Galicia, a Consellería de Política Social.
- En Portugal, ao Ministério do Trabalho, Solidariedade e Seguranga Social.

Estes Organismos actuarán conxuntamente cos Organismos seguintes:

- Municipios afectados.
- Cruz Vermella.
- Deputacións provinciais.
- Todas as institucións fosen necesarias tanto públicas como privadas.

4. ORGANIZACIÓN XERÁRQUICA

4.1. Director do Plan

A dirección do plan corresponderá ao responsable dos Organismos coordinadores correspondentes, ou a persoa en quen delegue e que pertenza ao mesmo departamento.

4.2. Coordinador Xerais do Plan

Será a Secretaría do Organismo correspondente quen coordine as actuacións do Plan en situacións de emerxencia.

4.3. Directores Territoriais do Plan

Será a dirección das Delegacións Territoriais dos Organismos coordinadores, ou a persoa en quen delegue e que pertenza ao mesmo departamento.

4.4. Coordinadores Territoriais do Plan

Serán os Secretarios das Delegacións Territoriais dos Organismos coordinadores, ou a persoa en quen delegue e que pertenza ao mesmo departamento.



5. ORGANIZACIÓN FUNCIONAL

5.1. Centro de Coordinación

5.1.1. Localización

O Centro de Coordinación de Albergue e Asistencia situarase nas dependencias da Secretaría do Organismo correspondente.

O Centro Territorial de Albergue e Asistencia situarase nas dependencias das Delegacións Territoriais correspondentes.

5.1.2. Composición

O Centro de Coordinación de Albergue e Asistencia estará composto por:

- O Director do Plan Sectorial.
- O Coordinador de Cruz Vermella do ámbito autónomo/ distrital correspondente.
- O Coordinador Xeral do Plan.
- Os Profesionais designados polo Director do Plan.

Os Centros Territoriais de Albergue e Asistencia estará composto por:

- A dirección das Delegacións Territoriais dos Organismos coordinadores.
- O Presidente de Cruz Vermella do ámbito territorial correspondente.
- Dous coordinadores territoriais (Albergue e Asistencia).
- Os Profesionais designados pola dirección das Delegacións Territoriais dos Organismos coordinadores.

5.2. Funcionamento interno

5.2.1. Funcións dos responsables do Plan

O Director do Plan estará en contacto directo co Centro de Atención de Emerxencias correspondente, para solicitar información da situación e a coordinación con outros Plans Sectoriais.

O Coordinador Xeral actuará interlocutor entre a Central de Atención de Emerxencias e a Secretaría do Organismo correspondente, a través dos Coordinadores Territoriais, informando o Director do Plan da situación e os recursos utilizados na emerxencia.

A dirección das Delegacións Territoriais dos Organismos coordinadores, recibirán instrucións do Director do Plan Sectorial, estando en contacto coa Central de Atención de Emerxencias correspondente, colaborando co Coordinador xeral, e sendo responsables do Centro Territorial de Albergue e Asistencia.

Os Coordinadores Territoriais desenvolverán, a nivel do ámbito territorial da súa delegación, as accións para levar a cabo na emerxencia, conxuntamente coa dirección da Delegación Territorial correspondente, informando o Coordinador Xeral das actuacións realizadas e contacto coa Central de Atención de Emerxencias.



5.2.2. Funcións dos Centros de Coordinación

As funcións do Centro de Coordinación de Albergue e Asistencia son:

- Ter coñecemento da situación da emerxencia.
- Informar da situación aos Directores e Coordinadores Territoriais.
- Coordinar as accións para desenvolver.
- Cubrir as necesidades de recursos técnicos e medios.

As funcións dos Centros Territoriais de Albergue e Asistencia son:

- Informar da situación ao Centro de Coordinación de Albergue e Asistencia.
- Elaborar e levar a cabo as medidas determinadas para a emerxencia.
- Coordinar con outros Plans Sectoriais de ser o caso.

5.2.3. Conexión cas Centrais de Atención de Emerxencia

O Centro de Coordinación de Albergue e Asistencia e os Centros Territoriais de Albergue e Asistencia deberán manter unha conexión constante e fluída coas Centrais de Atención de Emerxencias correspondentes.

Cando se constituía o Centro de Coordinación Operativa, a dirección das Delegacións Territoriais dos Organismos coordinadores deberá integrarse no Comité Asesor.

5.2.4. Grupos de Acción

As accións no terreo levarán a cabo polos recursos municipais existentes en materia de asistencia social, os recursos das Deputacións Provinciais e os servizos propios dos Organismos correspondentes.

Os voluntarios de Protección Civil, Cruz Vermella ou outra organización de voluntariado, poderán participar cando o requira o Director do Plan Sectorial ou as direccións das Delegacións Territoriais dos Organismos correspondentes.

Pode ser necesario mobilizar persoal de apoio psicolóxico. Dita mobilización será efectuada pola Central de Atención de Emerxencias correspondente.

5.3. Activación

O Plan de Albergue e Asistencia activarase polo Director do Plan Sectorial, a pedimento do Director do PTET.

Producirase:

- En fase de Preemerxencia: Alerta ao Coordinador Xeral, que, de acordo coa gravidade da emerxencia transmitirá a alerta.
- En fase de Emerxencia:
 - Desde as Centrais de Atención de Emerxencias correspondente alerta ao Coordinador Xeral do Plan, que alertará ao Director do mesmo e segundo a gravidade e localización da emerxencia, alertará aos Coordinadores Territoriais.



- Desde os Servizos Propios: A alerta pode chegar desde un municipio a un Equipo Social de Base, neste caso este transmitirao á Dirección Territorial, quen llo notificará á Central de Atención de Emerxencias correspondente.

6. OPERATIVIDADE

6.1. Preemerxencia

Ámbito de intervención local.

A Central de Atención de Emerxencia correspondente comunican a situación ás Delegacións Territoriais do Organismo correspondente, quen previa avaliación remite comunicación a Centros dependentes que puidesen verse en situación de risco.

6.2. Emerxencia Situación 0-1

Ámbito de intervención local. Constitución de PMA.

A Central de Atención de Emerxencia correspondente comunican a situación á dirección das Delegacións Territoriais do Organismo correspondente, quen previa avaliación remite comunicación a Centros dependentes que puidesen verse en situación de risco.

A dirección das Delegacións Territoriais dos Organismo correspondente informará da situación aos membros do Centro Territorial de Coordinación de Albergue e Asistencia, quen permanecerá á expectativa.

6.3. Emerxencia Situación 2

Ámbito de intervención comunitario. Constitución do Centro de Coordinación Operativa.

Ao superar a emerxencia os recursos e/ou espazo local do sinistro e zonas afectadas, o Director do Plan Sectorial procederá á activación do Plan Sectorial.

A Central de Atención de Emerxencias comunica a situación ao Organismo correspondente e á dirección das Delegacións Territoriais do Organismo correspondente.

A dirección das Delegacións Territoriais do Organismo correspondente convocará aos membros do Centro Territorial de Albergue e Asistencia para a súa constitución.

En función das necesidades de lle emerxencia o Director do Plan Sectorial valorará a constitución do Centro de Coordinación de Albergue e Asistencia.

O Centro Territorial de Albergue e Asistencia avaliará:

- Recursos dispoñibles e afectados na zona (públicos e privados).
- Unidade Básica de Acción de Albergue e Asistencia.
- Localización de equipos para posible traslado a Centro de Recepción ou Primeira Acolida de evacuados e Desprazados.
 - Grupos de albergue: traballadores sociais, cuidadores, asistentes a menores...
 - Grupos de Asistencia: médicos, ATS- DUE, psicólogos, auxiliares de clínica...



- Designación do Xefe de Albergue e Asistencia na zona de Albergue, que asumirá as funcións de organización, acollida e albergue, estando ao seu cargo a oficina de información e datos persoais dos albergados.

6.4. Fin da emerxencia

Finalizada a emerxencia desconvocaranse os Centros de Coordinación de Albergue e Asistencia que se constituíron, se desmobilizara aos responsables alertados e aos Equipos de Servizos Sociais de Base.

Seguidamente, os Equipos Sociais de Base elaboran, se procede, o Plan de Axuda correspondente.

7. IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA OPERATIVIDADE DO PLAN

7.1. Implantación

7.1.1. Verificación da infraestrutura do Plan

Previamente á posta en marcha do presente Plan Sectorial, os Organismos competentes en materia de benestar social nos distintos ámbitos territoriais verificarán a existencia e idoneidade da funcionalidade das infraestruturas básicas para o seu funcionamento.

Farán especial fincapé na rede de comunicacións entres os seus propios servizos e as Centrais de Atención de Emerxencia e na actualización do directorio de persoas responsables e catálogos de Centros.

7.1.2. Difusión-formación ao persoal dos servizos implicados

Entrado en vigor o presente Plan Sectorial levarán a cabo as fases de implantación do mesmo entre o persoal implicado:

- Persoal dos Centros de Coordinación do Plan.
- Servizos sociais de base municipais.
- Outros organismos, entidades ou persoas ás cales se lles pode solicitar colaboración nunha emerxencia.

A implantación do Plan entre o devandito persoal implicado seguirá as seguintes fases:

- a) Remisión de copia do Plan aos Directores e Coordinadores Territoriais.
- b) Mediante reunións informativas difundir o Plan ao persoal implicado.
- c) Elaboración dos Protocolos internos de funcionamento en función do tipo de emerxencia e situación declarada.
- d) Formación ao persoal implicado na operatividade do plan.



7.2. Mantemento da operatividade del Plan Sectorial

7.2.1.Actualización-revisión

Os Organismos competentes en materia de benestar social efectuará a actualización e revisión periódica do Plan Sectorial, para o mantemento da súa vixencia e operatividade entendéndose como a incorporación ao mesmo de calquera modificación de estrutura, organización de persoas, medios e recursos comprendidos no Plan.

Na fase de implantación do Plan, aqueles aspectos que se demostren que non son eficaces ou compatibles serán modificados, incorporándose ditas variacións ao texto do Plan.

7.2.2.Formación permanente

A formación da fase de implantación, será unha labor continuada ao tratarse dun documento vivo suxeito a actualizacións e revisións.

8. LISTADO DE ALBERGUES OU POSIBLES ZONAS DE ALBERGUE

8.1. Zona Ariem de Castela e León

Municipio	Provincia	Zona de albergue
Fuentes de Oñoro	Salamanca	Pabellón cubierto Fuentes de Oñoro
Alcañices	Zamora	Polideportivo de Alcañices
Fermoselle	Zamora	Polideportivo Municipal de Fermoselle
Puebla de Sanabria	Zamora	Polideportivo Jose Varela

Tabla 1. Albergues ou posibles albergues na zona ARIEM de Castela e León.

8.2. Zona Ariem de Galicia

Municipio	Provincia	Zona de albergue
Bande	Ourense	Pabellón Municipal de Bande
Gudiña (A)	Ourense	Pabellón Municipal (A Gudiña)
		Pabellón Municipal (Canizo)
Laza	Ourense	Pabellón Municipal (Laza)
Mezquita (A)	Ourense	Pabellón Municipal (A Mezquita)
Muiños	Ourense	Pabellón Municipal de Muiños
Padrenda	Ourense	C.P.I. Padrenda
Riós	Ourense	C.E.I.P. Ventas de la Barrela
Verín	Ourense	I.E.S. Xesús Taboada Chivite
		La Merced Colegio Privado
		Pabellón Municipal (Ayuntamiento de Verín)
		Pabellón Municipal (Verín)
Viana do Bolo	Ourense	I.E.S. Carlos Casares
		Pabellón Municipal Viana do Bolo
Arbo	Pontevedra	Pabellón Polideportivo de Arbo
Crecente	Pontevedra	Pabellón Polideportivo de Crecente
Guarda (A)	Pontevedra	C.P. Nicolas Gutiérrez Campo
		Pabellón Municipal A Guarda
		Pista Polideportiva de Sinde
Neves (As)	Pontevedra	Instituto IESP Pazo da Merced



Municipio	Provincia	Zona de albergue
		Pabellón Municipal de Deportes Rañade
Oia	Pontevedra	CP INF. PRIM. SEC. Mestre Manuel García
Porriño (O)	Pontevedra	Piscina Municipal Porriño
		Polideportivo de Porriño
Rosal (O)	Pontevedra	C.P. Suarez Marquier
		Pabellón Municipal del Calvario
Salvaterra do Miño	Pontevedra	C.P. Infante Felipe de Borbón
Salvaterra do Miño	Pontevedra	Pabellón Arantei
Tomiño	Pontevedra	Pabellón de Barrantes
		Pabellón Multiusos de Sobrada
		Pabellón Municipal Goian
Tui	Pontevedra	C.E.I.P. DE Randufe
		Centro Cultural Seixo-Albos
		CP INF. PRIM de Guillarei
		CP PRI de Caldelas
		CP PRI de Rebordans
		Pabellón Polideportivo Municipal de Tuy

Tabla 2. Albergues ou posibles albergues na zona ARIEM de Galicia.

8.3. Zona Ariem de Portugal

Segundo os planos de emerxencia municipais os albergues ou posibles zonas de albergue son os pavillóns ou campos deportivos, as Institucións Particulares de Solidariedade que actúan no municipio, as agrupacións de escolas, as xuntas de freguesia e as igrexas parroquiais. A maiores para cada municipio detállanse os seguintes:

Municipio	Distrito	Zona de albergue
Arcos de Valdevez	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Valdevez
Caminha	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Caminha
Melgaço	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Melgaço
Monção	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Monção
Paredes de Coura	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Paredes de Coura
Ponte da Barca	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Ponte da Barca
Ponte de Lima	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Ponte de Lima
Valença	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Valença
		Delegação Cruz Vermelha Portuguesa
Viana do Castelo	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Viana do Castelo
Vila Nova de Cerveira	Viana do Castelo	Santa Casa da Misericórdia de Cerveira
Amares	Braga	Delegação Cruz Vermelha Portuguesa
Vieira do Minho	Braga	Instituto de Emprego e Formação Profissional da Ribeira do Cávado
		Tribunal Judicial de Viera do Minho
		CTT
Chaves	Vila Real	Santa Casa da Misericórdia de Chaves
Freixo de Espada à Cinta	Bragança	Santa Casa da Misericórdia de Freixo de Espada à Cinta
Bragança	Bragança	Estação CP da Santa Comba de Rosas
	Bragança	Casa da Cultura



Municipio	Distrito	Zona de albergue
Mirando do Douro		Auditorio Municipal
		Biblioteca Municipal
Vimioso	Bragança	Parque de Campismo e Caravanismo
		Quartel dos Bombeiros Voluntários de Vimioso
Vinhais	Bragança	Pavilhão dos Bombeiros Voluntários de Vinhais

Tabla 3. Albergues ou posibles albergues na zona ARIEM de Portugal.